

Curso POO PHP Variables especiais

Referencias e variables variables

Referencias

En PHP pódense empregar **referencias** a variables empregando o símbolo &. As referencias son soamente alias (un novo xeito de chamar a unha variable xa existente). Cando se crea unha referencia, ao contrario que sucede cando se crea unha variable, non se reserva para ela un novo espazo de almacenamento (emprega o mesmo espazo de almacenamento da variable á que fai referencia). Deste xeito, se modificamos o valor dunha referencia modifícase tamén o valor da variable orixinal.

```
$saudo = "Ola";
$outra_variable = & $saudo;
$outra_variable = "Bos días";

//O seguinte amosa o texto "Bos días"
echo $saudo;
```

Variables variables

Tamén é posible crear variables para almacenar os nomes doutras variables. Este tipo de variables chámanse **variables variables**. Deste xeito, para acceder ao valor das variables deberase empregar un dobre signo \$.

```
$saudo = "Ola";
$outra_variable = "saudo";

//O seguinte amosa o texto "Ola"
echo $$outra_variable;
```

--Víctor Lourido 14:41 25 jun 2013 (CEST)